



BIBLIOTECA DO CEIP PLURILINGÜE VIRXE DO MAR

<http://bibliovirxedomar.blogspot.com>

1- PRESENTACIÓN

Pretendemos que a biblioteca de Lectorio sexa un lugar moi especial no noso cole. Un lugar para ler, coñecer, imaxinar, disfrutar de historias, para sentir a poesía, ... Poderemos viaxar polo espazo e polo tempo visitando outras épocas e outros lugares. Tamén un centro de recursos para a aprendizaxe, a investigación, a realización de tarefas escolares, etc. É dicir un lugar onde vivir e medrar.

2- USUARIOS DA BIBLIOTECA

Pode usar a biblioteca toda a comunidade escolar: alumnado, profesorado, familias, persoal non docente.

Para realizar os préstamos é necesario presentar o carné da biblioteca. Os pais e nais que queiran poden solicitalo.

3-DISTRIBUCIÓN DOS ESPAZOS

A nosa Biblioteca está distribuída nas seguintes zonas:

- Zona de lectura e consulta para o traballo en grupo ou de forma individual.
- Zona de ordenadores, dispoñemos de catro ordenadores con conexión a Internet; un deles é de xestión da Biblioteca, os outros están a disposición dos usuarios e usuarias.
- Andeis para os fondos.
- Recuncho cun teatrillo.
- Caixóns e andeis para libros con fácil acceso para o alumnado de Infantil e 1º ciclo.
- Zona de exposicións.
- Espazo para as novidades.
- Zona de libros e revistas para as familias.

4-DISTRIBUCIÓN DOS HORARIOS

A biblioteca permanece aberta durante todo o horario lectivo. Cada clase dispón dunha sesión semanal coa súa titora para realizar actividades de formación documental ou de fomento da lectura. Durante o recreo para préstamo, lectura, uso de ordenadores. En horario extraescolar de 16 a 18 horas os luns, mércores e xoves para préstamo, consulta e lectura acompañados dun adulto.

5- EQUIPO DE BIBLIOTECA

Está conformado pola responsable da biblioteca e cinco integrantes máis que se encargan de: coordinar as actuacións previstas no Proxecto Lector, planificar as actividades de dinamización da biblioteca e de formación de usuarios; informatizar os fondos co programa de xestión Meiga (registro e catalogación, clasificación, cuño, colocación do "tejuelo", colocación da etiqueta co código de barras, elaboración dos carnés de usuarios); organizar a documentación e os recursos dos que se dispón; organizar o funcionamento da biblioteca; colaborar nos procesos pedagóxicos da biblioteca cos profesores das distintas áreas.

Forman parte tamén, do equipo da biblioteca os colaboradores, alumnos e alumnas voluntarios doe 5º de E.P que se implican nas tarefas de organización da biblioteca nos recreos, as súas tarefas son: registro dos empréstitos e das devolucións, asesoramento aos usuarios da biblioteca na elección de lectura, coidado no cumprimento das normas, ambientación da biblioteca, etc.

6-SERVIZOS QUE OFRECE A BIBLIOTECA

- Lectura e consulta en sala.
- Préstamo.Todos os préstamos persoais ou de aula deben quedar rexistrados.
- Selección de fondos segundo os temas, os eventos, os personaxes..
- Colocación de taboleiros informativos e expositivos na biblioteca e no corredor anexo.
- Exposicións temáticas de diferentes tipos.
- Conmemoracións de diferentes datas e eventos ao longo do curso en colaboración cos equipos de Dinamización lingüística e TICs.
- Exposicións das novidades para dar a coñecer as novas adquisicións.
- Mochilas viaxeiras, reparto de material seleccionado para as familias.
- Sesións de lecturas e contacontos.
- Caixa de suxestións:os usuarios poden facer propostas sobre a adquisición de fondos, organización, funcionamento ...

- Publicación dun blogue <http://bibliovirxedomar.blogspot.com> , ao que se pode acceder directamente dende a páxina web do centro, como medio difusión, de expresión e de comunicación.

7-PARTICIPACIÓN DAS FAMILIAS

As familias poden participar na xestión da biblioteca de diversas maneiras: sendo usuarias da biblioteca, acompañando aos seus fillos e fillas a ela, participando nas actividades propostas e facendo suxestións a través da caixa de correos. A súa implicación nas tarefas das prácticas lectoras dos seus fillos e fillas é fundamental.

